

Concello de Viveiro

EXPEDIENTE: 8720/2021

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

D^a. MARIA LOUREIRO GARCÍA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

No Boletín Oficial da Provincia de Lugo do mércores, 20 de outubro de 2021 N.º 241, publícase a convocatoria polo que se inicia o proceso e se establecen as normas para seleccionar persoal ao obxecto de integrar as listas de emprego para a cobertura temporal, con carácter provisorio as necesidades urxentes e imprescindibles que se produzan sempre e cando non sexa posible a súa cobertura con persoal propio municipal, das prazas de monitor/a deportivo/a-socorrista na piscina municipal do Concello de Viveiro.

Vistas as bases e anexo polas que se establecen as normas para seleccionar persoal ao obxecto de integrar as listas de emprego no Concello de Viveiro para a cobertura temporal das prazas de monitor/a deportivo/a - socorrista na piscina municipal.

Vista a Resolución de Alcaldía de data 03 de novembro de 2021 na que se nomea o Tribunal do proceso selectivo de lista de emprego de monitor/a deportivo/a - socorrista.

Vista a Resolución de Alcaldía de data 19 de decembro de 2022 na que se aproba a lista provisional de admitidos e excluídos de dito proceso selectivo.

Vista a base xeral 8.2, que sinala "(...)**Prazo de alegacións e subsanación de documentación referente á exclusión (documentos a) e b) das bases).**- A publicación da lista provisional abrirá un prazo de (5) cinco días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación no taboleiro de anuncios dixital, ao que se accede a través da páxina web municipal (www.viveiro.es) para que se poidan emendar as deficiencias que en cada caso se indique..."

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Citar aos membros do Tribunal para que comparezan na sala de Xuntas deste Concello de Viveiro o **Luns día 23 de xaneiro de 2023, ás 09:00 horas**, para a confección da lista definitiva de admitidos e excluídos.

SEGUNDO.- Notificar a presente Resolución aos membros designados para o seu coñecemento.

TERCEIRO.- Publicar a presente resolución no Taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal, así como no taboleiro de anuncios dixital.

Mándoo e asínoo en Viveiro, á data que consta á marxe

A Alcaldesa,

Ante mín, A Secretario, ós efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018.

María Loureiro García

María Luz Balsa Rábade

(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)

